

EXPEDIENTE: 2023/E001/000002 (relacionado co expediente 2022/A008/000034 e 2022/A006/000015)

ASUNTO: CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE PERSOAL PARA FORMACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO DE PERSOAL TÉCNICO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE PREVENCIÓN DE CONDUTAS ADICTIVAS DOS CONCELLOS DE DODRO, PADRÓN, ROIS, VALGA E RIANXO (2022-2025)

TRÁMITE: RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO PROCESO SELECTIVO PARA FORMACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO DE PERSOAL TÉCNICO DO PROXECTO DE PREVENCIÓN DE CONDUTAS ADICTIVAS DOS CONCELLOS DE DODRO, PADRÓN, ROIS, VALGA E RIANXO (2022-2025)

Visto o expediente que se tramita para a selección de persoal, por concurso-oposición, para a formación de bolsa de emprego de persoal técnico para o desenvolvemento do PROXECTO DE PREVENCIÓN DE CONDUTAS ADICTIVAS DOS CONCELLOS DE DODRO, PADRÓN, ROIS, VALGA E RIANXO (2022-2025), segundo as bases aprobadas na Xunta de Goberno Local Ordinaria do día 28 de marzo de 2023.

O anuncio das bases e da convocatoria foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o luns, 3 de abril de 2023 (BOP núm. 64), e publicado no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

Por Resolución da Alcaldía núm.616/2023 de data 24/10/2023 resolveuse, entre outros, aprobar a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, concedendo un prazo de 3 días hábiles seguintes a publicación da antedita resolución para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos.

Logo de ver a dilixencia da funcionaria encargada do Rexistro de Entrada e Saída de documentos do Concello de Dodro, de data 30/11/2023, resulta que, rematado o prazo para a presentación de alegacións e/ou emendas contra o listado provisional, foron presentadas as seguintes, a efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria:

- Nuñez Rodríguez Lorena DNI ***747***
- Mosconi Cadillo Ana DNI ***810***
- Crestar Pena Duarte DNI ***602***

Logo de revisadas as solicitudes de participación e comprobados os requisitos esixidos nas bases da convocatoria, e en uso das facultades conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 5 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local,

RESOLVO:

Primeiro.- Aceptar a emenda de documentación das seguintes persoas:

- Nuñez Rodríguez Lorena DNI ***747*** presentada no rexistro do Concello de Dodro con RE 202300000002343 de data 25/10/2023.
- Mosconi Cadillo Ana DNI ***810*** presentada por sede electrónica do Concello de Dodro con RE 202399900000894 26/10/2023 e RE 202399900000896 de data 27/10/2023.
- Crestar Pena Duarte DNI ***602*** presentada por sede electrónica do Concello de Dodro con RE 202399900000898 de data 27/10/2023.

Segundo.- Declarar definitivamente admitidos/as no proceso de selección convocado para a formación dunha bolsa de emprego de persoal técnico para o PROXECTO DE PREVENCIÓN DE CONDUCTAS ADICTIVAS DOS CONCELLOS DE DODRO, PADRÓN, ROIS, VALGA E RIANXO (2022-2025) ás seguintes persoas aspirantes, ao ter presentada en tempo e forma a documentación relacionada nas bases que rexen este procedemento:

APELIDOS E NOME	DNI	CELGA 4 OU EQUIVALENTE	ADMITIDO/A EXCLUÍDO/A
<i>Crestar Pena Duarte</i>	***602***	<i>Si</i>	<i>Admitido</i>
<i>Mosconi Cadillo Ana</i>	***810***	<i>Si</i>	<i>Admitida</i>
<i>Nuñez Rodríguez Lorena</i>	***747***	<i>Si</i>	<i>Admitida</i>
<i>Sotelo Conde Carmen</i>	***820***	<i>Si</i>	<i>Admitida</i>

A inclusión dos/as aspirantes na lista definitiva de admitidos/as non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta administración municipal de reúnen os requisitos esixidos para ser nomeados/as, que se deberán acreditar segundo o establecido nas Bases Reguladoras aprobadas.

Terceiro.- Nomear ó seguinte Tribunal Cualificador para o referido proceso selectivo, con arranxo á seguinte composición:

Presidente/a:

Titular: María Elisabet Domínguez Rodríguez, axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Dodro.

Suplente: José Ángel Sorribas Bustelo, funcionario do Concello de Rois

Secretario/a:

Titular: Sandra María García Chenlo, secretaria- interventora do Concello de Dodro.

Suplente: María José Rodríguez Expósito, técnica do Concello de Dodro.

Vogais:

1- Titular: Rosario Rios Rey, axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Rois

Suplente: Inmaculada Seage Freire, normalizadora lingüística dos concellos de Rois e Dodro.

2- Titular: Vanessa Reboredo Fraga, técnica de administración xeral do Concello de Rianxo.

Suplente: Begoña Collazo Ortega, interventora do Concello de Rois

3- Titular: Braulio Manuel Iglesias Pérez, arquitecto do Concello de Vilaboa.

Suplente: María José Devesa Fernández, axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Valga.

Cuarto.- Convocar ao Tribunal Cualificador para a súa constitución o día 12/01/2024, ás 9:00 horas, no Concello de Dodro, e inicio do proceso de selección.

Quinto.- Convocar ás persoas aspirantes admitidas no proceso de selección para a realización da primeira proba da fase de oposición, ás 11:00 horas do día 12/01/2024, no Salón de Plenos do Concello de Dodro.

Ás persoas aspirantes acudirán provistos do seu Documento Nacional de Identidade e bolígrafo.



Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)

Tfno: 981 802 062

info@dodro.gal

www.dodro.gal

Sexto.- Declarar exentos da realización da proba de galego (Calga 4) a todos os/as aspirantes admitidos/as no proceso de selección.

Sétimo.- Que se publique a presente Resolución no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

Oitavo.- Notificar a presente resolución ás persoas integrantes do Tribunal Cualificador e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar, de acordo co disposto no artigo 42 do ROF.

Documento asinado dixitalmente

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís

A secretaria- interventora, que da fe